A CAMPAÑA “NON PERDAS ESTE BUS. LÉVATE AO SON DO CAMIÑO” CHEGA AO CAMPUS DE LUGO

O campus de Lugo acollerá este xoves 26 de marzo a campaña “Non perdas este bus. Lévate ao Son do Camiño” da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS). Unha unidade móbil estará estacionada diante da explanada da Facultade de Administración e Dirección de Empresas en horario das 09:30 ás 14:30 e das 15:30 ás 21:00 horas. Ao carón da unidade móbil, no transcurso desta xornada, instalarase unha escenografía consistente nunha carpa de DJ como xeito lúdico de dar a coñecer a campaña na que se sortearán abonos para asistir ao Son do Camiño do vindeiro mes de xuño.